



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central - MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2025/13	GOB19I002H	
<div>3L01 084Z 5B61 3864 09UV</div>		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA TRINTA DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

SRES/AS ASISTENTES:

SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:

D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

SRES/AS CONCELLEIROS/AS:

TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO
TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN

TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR

TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA

TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN

TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE

SRA. INTERVENTORA XERAL:

D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ

SR. SECRETARIO XERAL:

D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 11:05 do trinta de xaneiro de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, deulle a súa aprobación.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DO VOLUME EDIFICABLE SOBRE AS PARCELAS CON REFERENCIA CATASTRAL 5882015NJ6158S, 5882016NJ6158S, 5882023NJ6158S E 5882022NJ6158S, AFECTAS Á ORDENANZA Nº6 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN APROBADO INICIALMENTE (PXOM-2024)..-

(...)

Primeiro.- **Aprobar inicialmente** o Estudo de Detalle para a ordenación do volume edificable sobre as parcelas con referencia *catastral* 5882015NJ6158S, 5882016NJ6158S, 5882023NJ6158S e 5882022NJ6158S, *afectas á ordenanza nº6* do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Narón aprobado inicialmente (PXOM-2024), sito entre a rúa Ortega y Gasset- estrada AC-566- rúa Álvaro Paradela, elaborado por ENTYL. S.L. e asinado o 25 de novembro de 2024 polo arquitecto Luis Felipe Cabezas Torrelo, COAG 3164, promovido por Vego Supermercados S.A.U, en representación de José Manuel Mata Fernández e Deogracias Mata Fernández, coa advertencia de que no documento de aprobación definitiva haberá de corrixiarse o formato da páxina 1 do documento 15054_CE01ED_MAT_202411_AI_INDEX e da páxina 11 do documento 15054_CE01ED_MAT_202411_AI_01MX respectivamente, nas que se invade puntualmente o espazo de reserva da marxe dereita establecido na Orde de 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, modificada pola Orde de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de 8 de abril de 2022, e tendo en conta os condicionantes establecidos pola Dirección Xeral de Aviación Civil.

Segundo.- Someter o estudo de detalle anteriormente citado a exposición pública durante o **prazo dun (1) mes**, mediante anuncio que se publicará, pola conta do promotor, no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, así como no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal, a efectos de que durante o dito período poidase examinar o expediente e formular as alegacións e suxestións que se estimen oportunas. Así mesmo, notificarase individualmente a todos os titulares catastrais dos terreos afectados.

Durante o período de información pública, o texto íntegro do estudo de detalle, debidamente dilixenciado, xunto co correspondente expediente administrativo, estarán depositados para a súa consulta no servizo de Obras e Urbanismo, sito no sexto andar da Casa do Concello, na praza de Galicia, s/n, en horario de 8.30 horas a 13.30 horas, para que poidan ser consultados. A tales efectos poderase solicitar cita previa, presencialmente ou no teléfono 981 33 77 00 (ext. 1603 ou 1611); todo isto sen prexuízo do acceso ao documento aprobado inicialmente a través do xeoportal do Concello de Narón (<https://naron.maps.arcgis.com/home/index.html>);

Terceiro.- Solicitar informe á Axencia Galega de Infraestruturas. (...)"

O Concelleiro- Delegado de Urbanismo proponse á Xunta de Goberno local a aprobación do informe-proposta transcrito en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE TÉCNICO DE ARQUIVO DO CONCELLO DE NARÓN.-

Aprobar as bases específicas para a provisión dunha praza de técnico/a de arquivo
Grupo A2.- Clasificación: Escala de Administración Especial. Subescala: Técnica media.
Número de vacantes: 1. Denominación: Técnico de arquivo. Código praza: 2120006

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou deixar este asunto **SOBRE A MESA** pendente do estudo de custos do ano 2025.

4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE ARQUITECTO TÉCNICO DO CONCELLO DE NARÓN. (OEP 2023).-

(...)

Aprobar as bases específicas e convocatoria para a provisión dunha praza de arquitecto técnico

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou deixar este asunto **SOBRE A MESA** pendente do estudo de custos do ano 2025.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4